

A TERRA DO BAÑO

Pasaron os torbóns climáticos e os científicos no bou ou no bus que os neoloxistas nomean *pack* de xeito irremediábel. E o noso mundo apampa, retorce o bico, funga e dorme. Nada novo na gándara dos intelectos. Só resignio e outra volta o paraugas que nos leve enxoitos á casa de acollida: “nunca choveu que non escampara”.

Eran *Ike, Steiner, Stephen Hawking*...e máis que houber. Era verau e as repicochas das froiteiras non cadraban coas tantas labazadas. 1.- deixo para os abusadores do planeta a memoria dos furacáns do Caribe e outras mancadas latitudes. 2.- paso en sorriso fronte ao aldraxe dun seica malsabido das ferraduras idiomáticas do sempre mundo. 3.- chego así de isolado na tarde ao pé da cadeira que conleva ao físico británico na súa peregrinaxe ao noroeste: “o futuro está no cosmos”; seica bradou a súa computadora ao paso polas pedras da Praza do Obradoiro, tan de noso, tanta altura, tanto barroco e románico universal. O Universo é a reconquista. Quen antes nos levara as estrelas, os planetas, os satélites e a miudalla que voga na inmensidade que supomos inalcanzábel para os séculos, debe dar conta do seu roubo ou será atacado pola ciencia deste planetiña terrae en canto as naos velocísimas alcancen a súa madurez nos obradoiros dos afoutes que aínda somos. Un desafío deixara o sabio namentres a súa cadeira de rodas era do común dos mancados polas desgracias inoportunas e inxustas deste labirinto que soñamos convencer.

Velaí que na procura da saúde van chegando as primaveras e os outonos na súa cadencia. Atraveso a vila dos Cilenos, aquela “Aqua Calidae” das outoras; o Baño. E a ventura vai en medras. Cabalga en coche 1.9-105CV e remonta a aldea prehistórica de Castro de Laxos; a fortificada na idade do ferro en Castrolandín; Cequeiril; os petroglifos d’A Ran; as mámoas de Mesego; as medorras de Alto da Crus, o Campo das tombas, Chan do Castro, a Pedra Moma, o Petouto dos Mouros...Na Lapa do Marco Carreira, a parafita corta o vento coma un serrucho escarallote e o tempo chimpa catro, tres ou dous mil anos por enriba de nós coma farelo ou bolboretas, mariquiñas, paporroibos: ata o 1765 da nosa idade dos “jaguar, festina, tissot, lotus, omega...” que negocian e parainventan os reloxeiros dos Alpes coa premura das medidas. Aquí nesta idade a voz de don Pedro Gómez de Bedoy, que avisa na intemperie do galego: “habiendo metido en el Baño una moneda de plata, observé que la volvió de color de cobre, un poco más oscuro”. O.K. rosmaría arestora a Comunidade Valenciá e outra tanta escarranchada a prol da inmersión do inglés

trunfante cara ao ensino da “Educación para a Cidadanía”. A Lingua de Steiner e de Stephen, primeira lingua. Sabiduría.

Vou de camiño á Terra do Medio e deixo atrás, que nunca ás costas, o Mar do Morrazo, esa multiplicación de augas que reclinan en pasado o océano bravicho das Azores, o Grand Sole ou Terranova. En Cuntis sempre hai unha atmosfera de vento amoroso que se deixa respirar. E un consome, bebe nas fontes do aire e chucha da memoria oral e nos escritos. Hei deter uns días as horas necesarias das estirpes que aló van e que contaban dos reclinatorios da auga do sol en terra mansa. Saúde é. E dende O Baño rir en canto coas palabras dos solagos, ese beneficio, contra as parrumadas deste tempo de lerchos que sulfatan a desesperanza de noso, que somos vida cernal, termal, en casco urbán, nos arredores. Aquí por onde vai o setestrello dos milenios, GPS en recalada ao paraíso.

Xosé Vázquez Pintor
Quian, outubro 2008